




COSTA DE CEE

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2019



Distancia: 40 km (ida e volta) + camiñadas
Dificultade: media



- 1- Río Castro
- 2- Ría de Lires. Rego de Lires
- 3- Praia de Lires. Punta Mellón.
- 4- Punta da Barra
- 5- Area Pequena. Area Grande
- 6- Pedra do Cortello.
Coído de Cal Boa
- 7- Punta da Lagoa. Petón Vermello
- 8- Punta do Narís
- 9- Punta Besugueira
- 10- Punta da Mexadoira/Mixirica
- 11- Coído do Ensarro.
Fervenza da Mexadoira.
- 12- Praia e rego de Estorde
- 13- Punta de Estorde
- 14- Punta Carballeira
- 15- CEE. Praia, enseada e porto.
- 16- Porto de Brens.
Barra e rego de Brens.
- 17- A Ostreira. A Furna.
- 18- Punta Peón. Praia das Leiriñas.
Rego da Fonte do Cal.
- 19- Porto do Canizo.
Punta da Ameixenda.
Praia do Illote.
- 20- Castelo do Príncipe.
Punta Casteliño.
- 21- A Camboa
- 22- Punta do Cabezo
- 23- Sagrelos. Agullóns de Sagrelos.
- 24- Praia Areosa. Illa da Galera.
- 25- Punta da Galera. Illa do Trigo.
- 26- Enseada e praia de Caneliñas
- 27- Punta Preguntoiro. Illa Zapata.
- 28- Praia de Gures
- 29- Furado do Corvo
- 30- O Cancelo. Punta Finsín.




O litoral de Cee ten tres partes diferenciadas e separadas, dúas protexidas na ría de Corcubiión e no seo de Fisterra, e outra exposta na costa da Morte. A de maior lonxitude e o da ría de Corcubiión da que ocupa o fondo e toda a banda esquerda que se prolonga cara a enseada do Ézaro. No seo de Fisterra hai un pequeno tramo de cantís e a praia de Estorde e na costa exterior (Costa da Morte) unha sucesión de cantís e coídos e a ría de Lires.

PERCORRIDO

No litoral de Cee, ao atoparse dividido en tres zonas, separadas polos concellos de Corcubión e Fisterra, non é doado facer un percorrido curto. Por iso propoñemos un percorrido lineal de Lires a Caneliñas para ter os máis dos cruzamentos e os desvíos á dereita

Comezamos na **praia de Lires** para ver a saída ao mar do **río Castro** e a ría e achegarnos ás **praias de Area Grande e Area Pequena**, logo saímos pola estrada que vai a Fisterra ata atopar o primeiro desvío á praia do Rostro onde deixamos o coche e camiñamos ata a **Mexadoira** (cantís, coído, o Petón Vermello e a ferverza nun mesmo espazo). Volta á estrada e á dereita ata O Sardiñeiro de Abaixo, ao pé do mar, e alí collemos á esquerda ata **Estorde**, onde facemos unha nova parada para ver a praia. De Estorde, por Corcubión, a **Cee** onde collemos o primeiro desvío á dereita para baixar á **praia da Xunqueira**, logo ao **porto**, e pola estrada da beira do mar imos ata o **porto de Brens**, rodeamos a factoría, cruzamos o **río de Brens**, e seguimos pola estrada ata un desvío, unha estradiña paralela á principal pola que, no primeiro desvío á dereita, podemos achegarnos á **praia das Leiriñas**. Si queremos achegarnos ao **porto do Canizo**, e ver de preto o **castelo do Príncipe**, temos que facer unha parada na beira da estrada e camiñar ata a beira do mar. Volvendo á estrada principal continuamos ata atopar o desvío a **Caneliñas** e a **praia de Gures**, unha mesma estrada vai a Caneliñas e antes de comezar a baixada final ten á esquerda un desvío que vai ao miradoiro do Sicho desde onde se baixa a pé a praia de Gures. No miradoiro rematamos o percorrido para completar uns 26,5 km aos que temos que sumar outros 19 km para ir de Cee ao comezo do percorrido e volver desde onde rematemos a Cee. En total uns 40 km en coche en coche máis as camiñadas.



1- Río Castro. Nace no monte Escaleira (Vimianzo) e desemboca na pequena ría de Lires (entre Cee e Dumbria) , despois de 30 km de percorrido.

2- Ría de Lires. Formada pola confluencia dos ríos Castro e Lires. Máis que unha ría verdadeira é un esteiro bloqueado por unha frecha areosa (praia de Nemiña) que impide que se baleire totalmente, formando un espazo lamacente no que se acollen e alimentan anátidas e limícolas. A marea chea supera o dique de area e renova a auga do interior.





Esteiro do rego de Lires



Desembocadura do río Castro na ría de Lires



3-Praia de Lires



Punta Mellón



4-Punta da Barra





5-Area Pequena. Area Grande



Coído de Cal Boa



6-Pedra do Cortello



Vista desde a Cal Boa ata a punta da Barra. Ao fondo a praia de Nemiña e o cabo Cociñadoiro (Muxía)



Vista do coído da Cal Boa e a punta da Lagoa




7-Punta da Lagoa



Punta da Lagoa. Petón Vermello



8-Punta do Naris



9- Punta Besugueira



10- Punta Mixirica ou da Mexadoira. No centro o Petón Vermello



11-Coido do Ensarro.
Fervenza da Mexadoira.




Punta Mixirica ou da Mexadoira





O Petón Vermello



Costa exterior de Cee desde a praia do Rostro ata a ría de Lires



A Enseada de Fisterra. Esténdese desde O Pindo ata o cabo Fisterra e acolle no seu interior a enseada do Ézaro e a ría de Corcubión.

RÍA DE CORCUBIÓN E CEE. Ábrese entre o Cabo de Cee e a punta Galeira. O río máis importante é o de Cee. No fondo están situadas as vilas de Corcubión e Cee.



12-Praia e rego de Estorde



13-Punta de Estorde



14-Punta Carballeira



Remate do paseo marítimo na vila de Cee



Cee e a praia da Xunqueira desde o porto



15-CEE. Praia, enseada e porto.




Praia a carón do porto




Vista desde o peirao da EDAR



Peirao da EDAR



16-Porto de Brens



Vista desde Cee a Brens.



16-Porto e Barra de Brens



Barra e rego de Brens



Rego de Brens



17-A Ostreira



A Furna



18-Punta Peón




Praia das Leiriñas






Coído na costa de Ameixenda



Rego da Fonte do Cal



19-Porto do Canizo. Punta da Ameixenda. Segundo a lenda de Santiago de Ameixenda aquí agocháronse os mouros que viñan de Fisterra fuxindo do apóstolo Santiago despois de deixar as súas barcas na ribeira próxima.



Praia do Illote



20-Castelo do Príncipe.



20-Castelo do Príncipe. Construído entre 1740 e 1755.
Catalogado como Ben de Interesse Cultural, actualmente de propriedade privada



Punta Casteliño



21-A Camboa





22-Punta do Cabezo



Sagrelos




Vista desde Sagrelos ata a punta do Castelo do Príncipe




23-Sagrelos. Agullóns de Sagrelos.



24-Praia Areosa



Illa da Galera



25-Punta da Galera. Illa do Trigo.




Monte de Caneliñas e punta da Galera




26-Enseada e praia de Caneliñas



Enseada de Caneliñas. Encáixase entre os macizos graníticos das puntas Galera e Preguntoiro. Acolleu á última factoría baleeira de todo o Estado, activa ata 1985.




27-Punta de Gures. Illa Zapata.



O Preguntoiro



28-29-Praia de Gures e punta Finsín



30-O Cancelo. Furado do Corvo